

Resolución do 23 de novembro de 2017 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se encomenda á sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., a realización dun programa de investimentos para estender a cobertura mediante a utilización de infraestrutura de fibra a través de IRU a diversas zonas da xeografía galega.

ANTECEDENTES

1. A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega) é unha axencia pública autonómica que se crea a través do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e ten por obxecto a definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

A Amtega ten entre as súas funcións o deseño, definición de estándares, implantación, desenvolvemento e xestión da Rede Corporativa de Comunicacións da Xunta de Galicia, que interconecta as distintas unidades administrativas e centros dependentes da Xunta de Galicia e os seus organismos, autorizando preceptivamente calquera utilización, incorporación ou uso dela.

2. A Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA, (en diante Retegal) foi creada mediante o Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, e está adscrita á Amtega, a través da Área de Infraestruturas e Telecomunicacións, de acordo co establecido no punto 3 da Disposición adicional décima do de conformidade co Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Amtega e se aproban os seus estatutos.

De conformidade co artigo 1.2 dos Estatutos da Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A, publicados por Resolución do 9 de abril de 2013, da Secretaría



Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, Retegal é unha **sociedade mercantil pública autonómica**, pertencente ao sector público autonómico da Xunta de Galicia, que ten por obxecto a realización de actividades dirixidas á prestación de servizos en materia de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, terá por obxecto tanto a planificación, instalación, xestión, mantemento e explotación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións en Galicia, como a elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións que lle correspondan a Comunidade Autónoma de Galicia.

Retegal dispón dunha ampla rede de infraestruturas de telecomunicacións ao longo da xeografía galega, sobre as que se prestan servizos de telecomunicacións tanto ás entidades dependentes da Xunta de Galicia como directamente aos cidadáns da comunidade autónoma.

3. Previa autorización do Consello da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, mediante resolución de 10 de maio de 2010, encomendou a **Retegal, S.A., na súa condición de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Xunta de Galicia**, a execución dun programa de investimentos para o desenvolvemento de determinadas redes troncais e infraestruturas públicas necesarias para garantir a existencia da banda larga en Galicia segundo o Plan de Banda Larga 2010-2013, plan que recolle, dentro da súa Acción 2, un modelo de actuación para desenvolver as redes troncais e infraestruturas públicas (emprazamentos, fibras ópticas e radioenlaces).
4. RETEGAL, S.A. está a xestionar unha infraestrutura de telecomunicacións distribuída por todo o territorio galego susceptible de ser empregada como apoio no desenvolvemento de novas redes. Esta infraestrutura ten múltiples torres de comunicacións dotadas de alimentación eléctrica que poden albergar equipos que sirvan de repetidores de sinal en radioenlaces que precisen de puntos intermedios.
5. Segundo a resolución de 10 de maio de 2010, RETEGAL asume en exclusiva os gastos de xestión e do mantemento necesario para a conservación das infraestruturas e redes



resultantes da execución da presente encomenda, así como das responsabilidades que poidan derivarse da explotación das mesmas.

Os gastos anteditos serán compensados cos ingresos obtidos da explotación das redes prestando servizos de transporte a terceiros. As tarifas que RETEGAL cobrará a terceiros pola prestación dos servizos de alugamento, transporte e conectividade están previamente acordadas, e son as correspondentes ao seu Plan de Negocio.

6. A raíz da execución do Plan de Banda Larga 2010-2013 da Xunta de Galicia, Retegal xestiona e explota na actualidade, máis de 290 centros de telecomunicacións no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como unha rede troncal de máis de 1.800Km de fibra con tecnoloxía DWDM sobre a que se soportan nodos MPLS.
7. Deste xeito, RETEGAL xestiona unha rede de alta velocidade, constituída por enlaces ópticos e de microondas, que permite a interconexión das infraestruturas titularidade da Xunta de Galicia, imprescindible para prestacións dos servizos de transporte e conectividade, tanto propios como a terceiros.
Esta rede está deseñada sobre tecnoloxía DWDM con máis de 38 estacións, para os circuitos ópticos sobre mais de 1.800 quilómetros de fibra óptica, cunha capacidade de transporte de ata 40 lambdas a 10G sobre a que se instalou unha rede IP/MPLS con 43 nodos de comunicación, e mais de 130 vans de radioenlaces de microondas como respaldo da rede óptica e rede de acceso.
8. No marco do Plan de Banda Larga 2010-2013, Retegal, S.A., licitou a adquisición do Dereito de Uso Irrevogable (IRU) de Fibra Óptica para o Plan de Banda Larga 2010-2013 da Xunta de Galicia. O obxecto de dito contrato era a adquisición do dereito irrevogable (IRU) de fibra óptica, baixo a modalidade de “fibra escura”, co obxecto da creación dunha rede de titularidade pública xestionada por Retegal.
9. Este contrato, de natureza patrimonial e privada, foi asinado o 21 de setembro de 2010, especificaba dentro do **Valor Estimado do Contrato** unha opción de Ampliación de circuitos e pares de fibra óptica por un valor de **DOUS MILLÓNS DE EUROS (2.000.000,00 €), IVE non incluído.**



10. A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), considera necesaria a mellora do acceso aos servizos da Sociedade da Información de diversos centros públicos a través do emprego de fibra escura especificados no ANEXO I, **para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas por unha Administración Pública para a satisfacción das súas necesidades, isto é, as vinculadas ao desenvolvemento das funcións propias do persoal ao servizo da Xunta de Galicia e que contribúan ao cumprimento dos fins que lle son propios.**
11. Por razóns de eficacia, debe encomendarse á empresa pública Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., medio propio da Xunta de Galicia, a realización do programa de investimentos previstos na presente encomenda, xa que:
- Os traballos a desenvolver están vinculados cos traballos que ven realizando Retegal, que actúa como operador neutro, encargándose da súa operación e mantemento con elevados índices de continuidade de servizo.
 - Co fin de obter unha drástica redución dos custes asociados ao despregue e implantación de novos servizos, debe de priorizarse a selección de emprazamentos e infraestruturas de telecomunicacións existentes xestionadas por Retegal.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1) De conformidade co artigo 47.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o carácter de medios propios instrumentais e servizos técnicos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia comporta para as entidades, de acordo co previsto na lexislación de contratos do sector público, a obriga de executar as encomendas ou os encargos que os poderes adjudicadores que os controlan e os seus medios propios lle realicen dentro do ámbito do seu obxecto social e nos termos fixados nos seus estatutos.

Segundo deriva do artigo 1.2 dos seus Estatutos, Retegal ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que teñan a consideración de medios propios para os efectos previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, e nos artigos 4.1.n) e



24.6 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

- 2) O apartado n) do artigo 4.1 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establece que quedan fóra do ámbito desta Lei «os negocios xurídicos en cuxa virtude se encargue a una entidade que, conforme ao sinalado no artigo 24.6, teña atribuída a condición de medio propio e servizo técnico do mesmo, a realización dunha determinada prestación.».

O referido artigo 24.6 indica que «os entes, organismos e entidades do sector público poderán ser considerados medios propios e servizos técnicos de os poderes adxudicadores para os que realicen a parte esencial da súa actividade cando estes ostenten sobre os mesmos un control análogo ao que poden exercer sobre os seus propios servizos. Se se trata de sociedades, ademais, a totalidade do seu capital terá que ser de titularidade pública.»

- 3) Segundo a Circular 1/2010, da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, pola que se regulan as condicións de explotación de redes e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas polas Administracións Públicas establécese o que se entende por explotación de redes e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas en réxime de autoprestación:

“Considérase autoprestación e, polo tanto, non será necesario levar a cabo a notificación prevista no artigo 6.2 da Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, a explotación de redes e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas por unha Administración Pública para a satisfacción das súas necesidades, isto é, as vinculadas ao desenvolvemento das funcións propias do persoal ao servizo da Administración Pública de que se trate e que contribúan ao cumprimento dos fins que lle son propios.

Neste suposto inclúense os centros de educación ou de formación regulada do sistema educativo licenciado baixo a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación e Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro sobre as Universidades como, entre outros, escolas, institutos, facultades e universidades, así como a zona seu campus,



entendendo que tanto os profesores e os alumnos son parte do persoal esencial para desempeñar as funcións tanto docente como discente. Enténdese que os servizos están ligados á satisfacción das súas propias necesidades cando as redes e / ou servizos sexan utilizados para servir comunicación interpersonal entre docente e discente, e contidos (servidores) específicos para estas actividades.

Nos supostos en que aproveitando a mesma infraestrutura a través da que a Administración Pública préstase os servizos en réxime de autoprestación, provense servizos, maioristas ou minoristas, a terceiros, a Administración Pública será considerada, en canto a estes últimos, explotadora de redes ou prestadora de servizos de comunicacións electrónicas a terceiros, quedando por tanto suxeita ao establecido na presente Circular.”

Tendo en conta o exposto, resulta necesario encomendar á entidade pública empresarial Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., a realización dun programa para estender a cobertura de fibra, en modo autoprestación, a edificios da Xunta de Galicia, **nos que nestes momentos o servizo de comunicacións é deficiente.**

En base ao anterior, D^a. Mar Pereira Álvarez, directora da Amtega, actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Amtega

RESOLVO:

Primeiro: Encomendar á entidade pública empresarial Redes de Telecomunicación Galegas Retegal S.A. a realización dun programa para estender a cobertura de fibra escura a edificios da Xunta de Galicia, para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas en modo autoprestación.



Tivéronse en conta aqueles edificios da Xunta de Galicia, nos que a prestación actual é deficiente, polo que se a columna SI/NO do Listado 1 do Anexo I, está baleira poderá ser proposto orzamento para Radioenlace (se non se pode chegar con fibra) por parte de RETEGAL que terá que contar coa aceptación expresa da AMTEGA para a súa execución.

Encoméndase para a súa realización durante o ano 2017 (ata o 31 de decembro de 2017) a realización dos centros que dispoñen de Km no Listado 1 do ANEXO I.

Segundo: O custe estimado das actuacións a realizar ao abeiro da presente encomenda ascende á cantidade máxima de **DOUS MILLÓNS CATROCENTOS VINTEMIL EUROS (2.420.000,00-€)**, dos que 500.000 € corresponderán ás actuacións previstas para a anualidade 2017. O dito custe será asumido por Retegal con cargo ao seu orzamento.

Esta encomenda non presenta unha estrutura de carácter oneroso, polo que Redes de Telecomunicación Galegas Retegal S.A. proverá todos os medios humanos e materiais precisos para levar a cabo a encomenda agás aqueles que, se é o caso, a Amtega entenda que deban ser aportados directamente por ela.

Terceiro: A presente encomenda entrará en vigor o día da súa sinatura e rematará cando as actuacións obxecto desta resolución de encomenda de xestión sexan finalizadas e estean debidamente xustificadas por Redes de Telecomunicación Galegas Retegal S.A. ante a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e, en todo caso, o 31 de decembro de cada ano, sen prexuízo de que por causas xustificadas puidesen producirse posibles prórrogas ou se revogue. En todo caso, ata o 31 de decembro de 2035, sen prexuízo de eventuais prórrogas.

A directora da Amtega

D^a Mar Pereira Álvarez



ANEXO I.DESCRICIÓN DOS TRABALLOS

O programa de investimentos deberá de executarse por Redes de Telecomunicación Galegas Retegal S.A., e xustificarse ante a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, antes do 31 de decembro de cada ano. O seu alcance desagregase con carácter estimativo a continuación:

Listado 1.

Código RCXG	Código EDUCACIÓN	Centro	Dirección	Concello	Provincia	Coordenadas	SI/NO	Km
SF150240001	15003376	CPI O Cruce		Cerceda	A Coruña		SI	20
SF270100001	27001609	CEIP Ramón Falcón		Castro del Rei	Lugo			
	27061297	IES Enrique Muruais		A Pontenova	Lugo			
SF320920001	32015141	CEIP de Vilaríño de Conso		Vilaríño de Conso	Ourense			
SF360170004	36002220	CEIP Cabada Vázquez		Estrada (A)	Pontevedra			
	27008148	CEIP das Nogais		Nogais (As)	Lugo			
	15003005	CPI Vicente Otero Valcárcel		Carral	A CORUÑA		SI	
	32009153	CEIP Mariñamansa		Ourense	Ourense		SI	
	27012887	CEIP O Vicedo		O Vicedo	LUGO			
	32015141	CEIP de Vilaríño de Conso		Vilaríño de Conso	Ourense			
	32008033	CEIP de Luintra		Nogueira de Ramuín	OURENSE			



	27010155	CEIP da Pobra de Brollón		Pobra do Brollón (A)	Lugo			
	36000685	CEIP Pedro Antonio Cerviño		Campo Lameiro	Pontevedra			
	15008659	CEIP de Pino de Val		Mazaricos	A Coruña			
	36005427	Colegio LAR		Mos	PONTEVEDRA		SI	
SF320630005		XULGADOS DE A POBRA DE TRIVES		POBRA DE TRIVES	OURENSE		SI	
SF270180009		XULGADOS DE A FONSAGRADA		A FONSAGRADA	LUGO			
SF320060008		XULGADOS DE BANDE		BANDE	OURENSE			
SF270060011		XULGADOS DE BECERREÁ		BECERREA	LUGO			
SF150610014		XULGADOS DE ORTIGUEIRA		ORTIGUEIRA	A CORUÑA			
SF320860008		INEM VIANA DO BOLO		VIANA DO BOLO	OURENSE			
SF270060008		INEM BECERREA		BECERREA	LUGO			
SF320630003		INEM POBRA DE TRIVES		POBRA DE TRIVES	OURENSE		SI	
		CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS DE MONDOÑEDO	"Praza do Concello, s/n 27740	MONDOÑEDO (*)	LUGO			
		CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS DE CELANOVA	"Praza Maior. Edificio San Rosendo, s/n 32800	CELANOVA	OURENSE			
		CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS DE PETÍN	"Poblado de Iberduero, nº 25 32356	PETIN	OURENSE			
		CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS DE VIANA DO	"Rúa Ferradal, s/n	VIANA DO BOLO	OURENSE			



		BOLO	32550					
		CENTRO SOCIAL CANGAS	"Rúa Baiona esquina Antonio Nores 36940	CANGAS	PONTEVEDRA			
SF360350011		RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DE PANXÓN	R/ CANSADOURA, 2 - PATOS	NIGRAN	PONTEVEDRA			
SF320230007		RESIDENCIA DE MAIORES DE CASTRO CALDELAS	R/ DEVESA DO CONDE, S/N	CASTRO CALDELAS	OURENSE			
SF270310020		RESIDENCIA DE MAIORES DE MONFORTE	PASEO DEL MALECÓN S/N	MONFORTE DE LEMOS	LUGO			
SF270280084		RESIDENCIA DE MAIORES AS GÁNDARAS	GÁNDARAS, S/N (MESMA UBICACIÓN 982228391)	LUGO	LUGO			
		PARQUE NATURAL FRAGAS DO EUME	"Lugar de Andarúbel Estrada de Ombre a Caaveiro Km 5 15690	PONTEDEUME	A CORUÑA	43.426996, -8.128452		
		PARQUE NATURAL FRAGAS DO EUME	"Estrada DP-5003	MONFERO	A CORUÑA	43.342563, -8.037652		
		PARQUE NATURAL DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN	Lugar do Vilar - Praia do Vilar	CARREIRA	PONTEVEDRA	42.555509, -9.027492		
		PARQUE NATURAL DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN	Lugar do Vilar - Praia do Vilar	CARREIRA	PONTEVEDRA	42.555664, -9.028243		
		CENTRO DE VISITANTES DO PARQUE	Frínxo - Pazos de	TUI	PONTEVEDRA	42.075627, -8.680184		



		NATURAL DO MONTE ALOIA	Reis					
		EDIFICIO PRINCIPAL PARQUE NATURAL DO INVERNADEIRO	"Ribeira Pequena	Vilariño de Conso	OURENSE	42.118545, -7.344446		
		EDIFICIO PRINCIPAL PARQUE NATURAL DO INVERNADEIRO	"Ribeira Grande	Vilariño de Conso	OURENSE	42.127307, -7.297323		
		PARQUE NATURAL SERRA DA ENCIÑA DA LASTRA	"Praza dos Bolos	BIOBRA	LUGO	42.480967, -6.860002		
		PARQUE NATURAL DO XURÉS	"Estrada de Portugal, 34	LOBIOS	OURENSE	41.904300, -8.083046		
		CENTRO DO COUREL	"Moreda	FOLGOSO DO COUREL	LUGO	42.628399, -7.121341		
		COMPLEXO AMBIENTAL DO VERAL	"Carretera de Friol, s/n	O VERAL	LUGO	42.991366, -7.629989		
		CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS DE RIBADAVIA	"Rúa Extramuros, nº 26 32400	RIBADAVIA (*)	OURENSE			
SF150280004		CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS DE CORCUBIÓN	"Rúa Médico Vicente Fraguela, nº 12 15130	CORCUBION	A CORUNA		SI	
SF150530010		CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS DE MUROS	"Rúa Hospital, nº 21 15250	MUROS	A CORUÑA		SI	
		CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS DE CELANOVA	"Praza Maior. Edificio San Rosendo, s/n 32800	CELANOVA	OURENSE			
SF320430004		CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS DE MACEDA	"Rúa Principal, nº 2	MACEDA (*) (1)	OURENSE		SI	



			32700					
		CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS DE PETÍN	"Poblado de Iberduero, nº 25 32356	PETIN	OURENSE			
		CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS DE RIBADAVIA	"Rúa Extramuros, nº 26 32400	RIBADAVIA (*)	OURENSE			
SF360030008		CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS DE BAIONA	"Rúa Dolores Agrelo, nº 16 36300	BAIONA-VIGO	PONTEVEDRA		SI	
		CENTRO SOCIAL CANGAS	"Rúa Baiona esquina Antonio Nores 36940	CANGAS	PONTEVEDRA			
SF360600025		CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS DE VILAXOÁN	"Rúa do Peirao, nº 10 - Vilaxoan 36611	VILAGARCÍA DE AROUSA	PONTEVEDRA		SI	
SF150050016		CENTRO SOCIOCULTURAL DE MEICENDE	TRAVESIA DE MEICENDE, 132	ARTEIXO	A CORUÑA	43.344756,-8.449008	SI	
SF360350011		RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DE PANXÓN	R/ CANSADOURA, 2 - PATOS	NIGRAN	PONTEVEDRA			
SF320190015		RESIDENCIA DE MAIORES DE O CARBALLIÑO	CORNUVAL S/N	O CARBALLIÑO	OURENSE		SI	
SF320190016		RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DE O CARBALLIÑO	ZONA DO PARQUE, S/N	O CARBALLIÑO	OURENSE		SI	
SF360220010		CENTRO DE VISITANTES DE SIRADELLA	"Monte Siradella	O GROVE	PONTEVEDRA	42.470071, -8.880477	SI	
SF360030013		LONXA DE BAIONA	PORTO PESQUEIRO S/N	BAIONA	PONTEVEDRA	42.119292, -8.846546		
SF150530014		LONXA / TICPESC - PORTO DE MUROS	PORTO	MUROS	A CORUÑA	42.775638, -9.053484	SI	



			PESQUEIRO S/N					
SF150370011		LONXA DE FISTERRA	PASEO DA RIVEIRA S/N	FISTERRA	A CORUÑA	42.906309, -9.261213	SI	
SF150730025		LONXA DE PALMEIRA	CASA DO MAR, 1	RIBEIRA	A CORUÑA	42.579749, -8.957927	SI	
SF150720019		LONXA DE RIANXO	AUTORES DA RIANXEIRA S/N	RIANXO	A CORUÑA	42.649651, -8.821813	SI	
SF360510017		LONXA DE SANXENXO	CONSISTORIO 12	SANXENXO	PONTEVEDRA	42.400835, -8.806986		
SF150510011		LONXA DE MUGARDOS	Avenida do Mar 1-2º	MUGARDOS	A CORUNA	43.461817, -8.256854	SI	
SF150690013		LONXA / TICPESC - PORTO DE PONTEDEUME	AVENIDA DA MARIÑA, S/N	PONTEDEUME	A CORUÑA	43.409817, -8.174043	SI	
SF360230011		LONXA / TICPESC - PORTO DE A GUARDA	PORTO PESQUEIRO S/N	A GUARDA	PONTEVEDRA	41.898173, -8.876425	SI	
SF150670014		LONXA DE A POBRA DO CARAMIÑAL	PORTO COMERCIAL S/N	POBRA DO CARAMIÑAL	A CORUÑA	42.609903, -8.934109	SI	
SF150220008		LONXA DE CEDEIRA	MUELLE SPIGON S/N	CEDEIRA	A CORUÑA	43.658118, -8.070714		
SF360410014		LONXA DE POIO	PADRE AVELINO S/N	POIO	PONTEVEDRA	42.426950, -8.686176		
SF360410015		LONXA DE RAXO	RÚA IGREXA 18	POIO	PONTEVEDRA	42.403358, -8.755347		
SF360570135		PORTO DE CANIDO - TICPESC	PORTO DE CANIDO	VIGO	PONTEVEDRA	42.193944, -8.800694		
SF360600032		LONXA DE VILAGARCIA DE AROUSA	ALAMEDA DE CARRIL S/N	VILAGARCIA DE AROUSA	PONTEVEDRA	42.614013, -8.777459	SI	
SF150430010		LONXA / TICPESC - PORTO DE MALPICA	PORTO	MALPICA	A CORUÑA	43.323569, -8.806952	SI	



			PESQUEIRO S/N					
SF150750013		LONXA / TICPESC - PORTO DE SADA	PORTO S/N	SADA	A CORUÑA	43.362487, -8.248131	SI	
SF360080016		LONXA DE ALDÁN	PEIRAO DE ALDÁN 21	CANGAS	PONTEVEDRA	42.259821, -8.785249	SI	
SF150730024		LONXA / TICPESC - PORTO DE AGUIÑO	PORTO S/N	RIBEIRA	A CORUÑA	42.519862, -9.019313		
SF360290015		LONXA / TICPESC - PORTO DE MOAÑA - MEIRA	PORTO DE MEIRA S/N	MOAÑA	PONTEVEDRA	42.283327, -8.720623	SI	
SF150570014		LONXA / TICPESC - PORTO DE O TESTAL	PORTO DO TESTAL S/N	NOIA	A CORUÑA		SI	
SF360060015		LONXA DE CAMBADOS	PORTO TRAGOVE S/N	CAMBADOS	PONTEVEDRA	42.520565, -8.825106	SI	
SF150730030		PORTO DE RIBEIRA - TICPESC	PORTO DE RIBEIRA	RIBEIRA	A CORUÑA	42.558995, -8.991305	SI	
SF360530005		LONXA / TICPESC - PORTO DE ARCADE	PEIRAO S/N - ARCADE	SOUTOMAIOR	PONTEVEDRA	42.340805, -8.614082	SI	
SF150350013		LONXA / TICPESC - PORTO DE BARALLOBRE	PEIRAO DE BARALLOBRE S/N	FENE	A CORUÑA	43.463422, -8.195772	SI	
SF150280007		LONXA DE CORCUBIÓN	PORTO PESQUEIRO S/N	CORCUBION	A CORUÑA	42.944683, -9.190476		
SF150360062		LONXA DE FERROL	MUELLE CURUXEIRAS S/N	FERROL	A CORUÑA	43.477166, -8.246358		
SF360380076		LONXA DE LOURIZÁN	RÚA DO AREAL 6 - LOURIZÁN	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	42.405574, -8.683190	SI	
SF360610014		LONXA DE VILANOVA	MUELLE DE	VILANOVA DE	PONTEVEDRA	42.564078, -8.832751		



			VILANOVA S/N	AROUSA				
SF360230012		PORTO DE CAMPOSANCOS - A GUARDA - TICPESC	PORTO DE CAMPOSANCOS	A GUARDA	PONTEVEDRA	41.885852, -8.853020		
SF360450030		LONXA DE REDONDELA	PEIRAO DE CESANTES 40	REDONDELA	PONTEVEDRA	42.294040, -8.616208		
SF360600033		LONXA DE VILAXOAN	PEIRAO S/N	VILAGARCIA DE AROUSA	PONTEVEDRA	42.588087, -8.790859	SI	
SF360410016		PORTO DE COMBARRO - TICPESC	PORTO DE COMBARRO	POIO	PONTEVEDRA	42.427772, -8.706908		
SF360510016		LONXA DE PORTONOVO	LONXA DE PORTONOVO	SANXENXO	PONTEVEDRA	42.400835, -8.806986	SI	
SF150110017		LONXA DE BOIRO	CABO DE CRUZ S/N	BOIRO	A CORUÑA	42.613954, -8.887644		
SF360600032		LONXA / TICPESC - PORTO DE CARRIL	ALAMEDA DE CARRIL S/N	VILAGARCIA DE AROUSA	PONTEVEDRA	42.614013, -8.777459	SI	
SF150040007		PORTO DE ARES - TICPESC	PORTO DE ARES (NAVE DE REDES)	ARES	A CORUNA	43.421782, -8.238405	SI	
SF360040014		PORTO DE BUEU - TICPESC	MONTERO RIOS, S/N	BUEU	PONTEVEDRA	42.329102, -8.787314	SI	
SF360290016		PORTO DE MOAÑA - TICPESC	PORTO DE MOAÑA	MOAÑA	PONTEVEDRA	42.274137, -8.736357	SI	
SF360220017		PORTO DE PEDRAS NEGRAS - O GROVE - TICPESC	PORTO DE PEDRAS NEGRAS	O GROVE	PONTEVEDRA	42.457885, -8.919888		
SF360580011		PORTO DE SAN ADRIÁN DE COBRES - TICPESC	PORTO DE SAN ADRIÁN DE	VILABOIA	PONTEVEDRA	42.302037, -8.656437		



			COBRES					
SF360580012		PORTO DE SANTA CRISTINA DE COBRES - TICPESC	PORTO DE SANTA CRISTINA DE COBRES	VILABOA	PONTEVEDRA	42.319511, -8.649921		
SF360220016		PORTO DE MELOXO - O GROVE - TICPESC	PORTO DE MELOXO	O GROVE	PONTEVEDRA	42.490144, -8.888363		
SF360220019		PORTO DE O GROVE - TICPESC	ZONA PORTUARIA	O GROVE	PONTEVEDRA		SI	
SF150370002	15007266	CEIP AREOUTA		FISTERRA	A CORUÑA			
SF150210003	15003017	CEIP DE TABEAO		CARRAL	A CORUÑA			
SF320120001	32002043	CEIP DOS BLANCOS		OS BLANCOS	OURENSE			
SF150510002	15009391	CEIP SANTIAGO APOSTOLO		MUGARDOS	A CORUÑA			
SF320880001	32013958	CEIP XOSÉ MANUEL FOLLA RESPINO		VILAMARTIN DE V.	OURENSE			
SF270490001	27010520	CEIP PLURILINGÜE VIRXE DA LUZ		PORTOMARIN	LUGO			
SF320210001	32015682	CEIP DE CASTRELO DO VAL		CASTRELO DO VAL	OURENSE			
SF150650008	15022322	CEIP DA ESCRAVITUDE		PADRON	A CORUÑA			
SF150530005	15024951	CEIP DE LOURO		MUROS	A CORUÑA			
SF360560002	36018161	CEP PLURILINGÜE XESÚS FERRO COUSELO		VALGA	PONTEVEDRA			
SF270320003	27020823	EPAPU DE MONTERROSO (CENTRO PENITENCIARIO)		MONTERROSO	LUGO			
SF150320004	15032650	EPAPU DE TEIXEIRO (CENTRO PENITENCIARIO)		CURTIS	A CORUÑA			



SF150780011	15015834	E.ART MESTRE MATEO		SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA			
SF320090014		EMPREGO / OFICINA PRESIDENCIA / OAC / D. FORESTAL - AMBIENTAL XIII - O BARCO	OTERO PEDRAYO, 11 (CASA GRANDE VILOIRA)	BARCO DE VALDEORRAS	OURENSE			
SF150780174		OAC DE SANTIAGO - AMIO	MERCADO DO GANDO (NOVO MERCADO) - AMIO	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA		SI	6
SF320240011		OAC DE CELANOVA	AREAL, 10	CELANOVA	OURENSE			
SF320430005		OAC DE MACEDA - DISTRITO FORESTAL XII OFICINA DE APOIO	R/ FONTE DOS CAÑOS, 6	MACEDA	OURENSE		SI	
SF150700015		OAC DE AS PONTES	RÚA JUAN ANTONIO SUANCES S/N - EDIF. ESTACIÓN DE AUTOBUSES	AS PONTES	A CORUÑA			
SF360380086		SANIDADE E PRODUCCION ANIMAL / OAC / DISTRITO FORESTAL- CABANAS SALCEDO	CABANAS- SALCEDO	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA			
SF360170020		OAC DE A ESTRADA	ESTRADA PO-841 - TOEDO	A ESTRADA	PONTEVEDRA			
SF150240007		OAC DE CERCEDA	R/ AREOSA, S/N - QUEIXAS (EMPRESA GESUGA, S.L.)	CERCEDA	A CORUÑA			



SF320240011		OAC DE CELANOVA	AREAL, 10	CELANOVA	OURENSE			
SF360480010		OAC DE O ROSAL	PRAZA CALVARIO, S/N	O ROSAL	PONTEVEDRA			
SF150460010		CONCELLO / XULGADO DE PAZ / OAC DE MELIDE	PRAZA DO CONVENTO, 5	MELIDE	A CORUÑA			
SF150650019		OAC DE PADRON	DOLORES, 23	PADRON	A CORUÑA		SI	
SF320630004		OAC DE POBRA DE TRIVES / CONCELLO	PASEO SAN ROQUE, Nº 4	POBRA DE TRIVES	OURENSE		SI	
SF320850022		OAC DE VERIN	PLAZA DE LA ALAMEDA, S/N	VERIN	OURENSE		SI	
SF320190013		OAC DE O CARBALLIÑO	AVDA. PONTEVEDRA, KM 27	O CARBALLIÑO	OURENSE		SI	
SF270320010		OAC DE MONTERROSO	MIGUEL OLIVAS SOTO, 4	MONTERROSO	LUGO			
SF270290005		OAC DE MEIRA	AVDA. GENERALISIMO, 47-49	MEIRA	LUGO			
SF150320009		OAC DE TEIXEIRO	C/SANCHEZ ANIDO, 1 - TEIXEIRO	CURTIS	A CORUNA			
SF150090013		OAC DE BETANZOS	CARREGAL, 24	BETANZOS	A CORUÑA		SI	
SF360540024		DISTRITO FORESTAL XVIII - TOMIÑO	R/ GONDOMAR, S/N	TOMIÑO	PONTEVEDRA		SI	



SF360380086		SANIDADE E PRODUCCION ANIMAL / OAC / DISTRITO FORESTAL- CABANAS SALCEDO	CABANAS- SALCEDO	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA			
SF320540088		TIE-LINE ISSGA / DISTRITO FORESTAL XII / MONTES / INCENDIOS	R/ DE VILLAAMIL E CASTRO, S/N	OURENSE	OURENSE			
SF320190011		DISTRITO FORESTAL DE CARBALLIÑO (DISTRITO XI)	ESTRADA O CARBALLIÑO-CEA (OU-504) KM 22	O CARBALLIÑO	OURENSE			
SF320060007		DISTRITO FORESTAL XV DE BANDE	RÚA PROLONGACIÓN IRMÁNS MARTÍNEZ 39-41, 1º DER	BANDE	OURENSE			
SF150090010		DISTRITO FORESTAL II	CARREGAL, S/N - BAIXO (MESMA UBIC. 981774389)	BETANZOS	A CORUNA		SI	
SF150300163		CAPD DE A CORUÑA -- EDIFICIO B	AS XUBIAS, 15	A CORUÑA	A CORUÑA		SI	
SF150080008		ALBERGUE XUVENIL DE GANDARÍO	CORNIDE, 20	BERGONDO	A CORUÑA		SI	
SF150360059		ESCOLA NÁUTICO PESQUEIRA DE FERROL	AVDA 19 DE FEBREIRO - ANEIROS	FERROL	A CORUÑA		SI	
SF150280005		CONCELLO DE CORCUBIÓN	PLAZA JOSÉ CARRERA, 1	CORCUBION	A CORUÑA		SI	
SF150780124		CONSELLO ECONOMICO E SOCIAL / CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS	R/ ALGALIA DE ABAIXO, 24	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA		SI	1,5



		LABORAIS						
SF150780172		MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS - MUSEO	PRAZA DAS PLATERÍAS, 6	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA		SI	3
SF150780253		OFICINA DE ACOLLIDA AO PEREGRINO	R/ CARRETAS, 33	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA		SI	3
SF360570143		SEGURIDADE E HIXIENE RANDE	CARRETERA VIGO- PONTEVEDRA - RANDE	VIGO	PONTEVEDRA		SI	
CUS3-225A		MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS		SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA		SI	
SF150540024		DISTRITO AMBIENTAL I - FERROL - OFICINA NARÓN	R/ CAMINO PELEGRINO, 1 - XUBIA	NARÓN	A CORUÑA		SI	
AGS1V-122E		AGADER / TURGALICIA / DESENVOLVEMENTO COMARCAL					SI	
PRS1-238E		ANTIGUO CONVENTO DE SAN ROQUE					SI	1,5
PRS1V-15E		AREA CENTRAL - IGVS/EGAP/XUSTICIA/TRANSPORTES/PORT/G- CALIDADE					SI	2,5
MAS1V-220E		AUGAS DE GALICIA					SI	
ED6S1-110C		CAFI (CENTRO AUTONÓMICO DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN)					SI	2



PRS1V-20E		COMPLEXO ADMINISTRATIVO DE SAN LÁZARO					SI	4,45
XIS1V-3E		D.X. DE INTERIOR - PROTECCION CIVIL.112					SI	
PRS1V-34E		D.X. RELACIONES PARLAMENTARIAS					SI	3
PT6S1V-150E		D.X. URBANISMO					SI	
PES1V-10E		DIRECCION XERAL DE PESCA					SI	3,5
MAS1V-73E		EMPRESA PUBLICA DE OBRAS E SERVICIOS HIDRÁULICOS					SI	4,5
PR6S1V-39C		GABINETE DE DEFENSA XURISDICCIONAL					SI	2,1
OES1-121C		INEM SANTIAGO - CENTRO					SI	
OES1-18C		INEM SANTIAGO - NORTE					SI	
IN6S1V-140E		INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO / ESCOLA GALEGA DE CONSUMO					SI	3
PRS1V-123E		METEOGALICIA					SI	
INS1-234E		CONCELLO DE SANTIAGO					SI	
CUS1-17E		RESTAURO / CGAC					SI	2
PRS1V-4E		SANIDADE E PRODUCCION ANIMAL / INSTITUTO LACTEO GALEGO					SI	
AG6S1V-137E		SEAGA					SI	
XUS1V-244E		XULGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA					SI	2,45
INS1V-102F		INEGA - INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA					SI	4,5
SF360410005	36013369	EEI DE PORTOSANTO		POIO	PONTEVEDRA			
SF150050011	15032376	EEI DE VILARRODÍS - OSEIRO		ARTEIXO	A CORUÑA			



SF360510006	36017582	EEI DE AIOS		SANXENXO	PONTEVEDRA			
SF360600009	36015071	EEI VAGALUME		VILAGARCIA DE AROUSA	PONTEVEDRA			
SF360220004	36015123	EEI MONTE DA VILA		O GROVE	PONTEVEDRA			
SF150650006	15020374	EEI DE EXTRAMUNDI DE ARRIBA		PADRON	A CORUÑA			
SF150750003	15022565	EEI DE CARNOEDO		SADA	A CORUÑA			
SF150780018	15016267	EEI BISPO TEODOMIRO		SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA			
SF360600017	36018896	EEI DE VILAR-BAMIO		VILAGARCIA DE AROUSA	PONTEVEDRA			
SF320540080		ESCOLA INFANTIL FARIXA	R/ ACEVEDO E ZÚÑIGA, 3	OURENSE	OURENSE		SI	6,5
SF320540081		ESCOLA INFANTIL VIRXE DE COVADONGA	R/ VALDEGOLA, 7 - EIROÁS	OURENSE	OURENSE		SI	
SF360450027		ESCOLA INFANTIL "MARISMA STA. MARIÑA"	R/ PEXEGUEIRO, 7	REDONDELA	PONTEVEDRA		SI	

O importe exacto quedará establecido unha vez definidas e licitadas as correspondentes actuacións, que serán acordadas por AMTEGA a partir das propostas recibidas por parte de Retegal e que, con carácter xeral, deben orientarse e priorizarse en atención a optimizar o cumprimento dos obxectivos.

En ningún caso as actuacións executadas suporán un incremento do orzamento máximo.



A titularidade do equipamento acopiado e as instalacións executadas con cargo á presente encomenda, corresponderá á Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A unidade de certificación e pago establecerase en Km aéreo e/ou Km soterrado segundo corresponda en cada caso, para o que se fará informe previo á execución coa necesaria aprobación previa de AMTEGA. No caso de ser necesario o despregue de fibra a algunha das ubicacións das definidas como non avaliadas, no que non se especifican distancias, será avaliado no prazo de 3 días por RETEGAL que presentará unha proposta a AMTEGA na que se indicará o centro ou centros a cubrir.



ANEXO II CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN

1. Retegal aportará a súa propia dirección e xestión para a execución da Encomenda, sendo responsable da organización do servizo prestado e da calidade técnica dos traballos a desenvolver, correspondéndolle a dirección, coordinación, organización e execución laboral da prestación.

A Amtega será a encargada de coordinar e facer un seguimento do cumprimento da presente encomenda comprobando que as actuacións se axustan ás determinadas nesta encomenda.

Retegal deberá cumprir coas obrigas derivadas da normativa comunitaria reguladora dos fondos FEDER e, especialmente, as referidas á información e publicidade comunitaria establecidas no apartado 2.2 do Anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 e nos artigos 4 e 5, así coma no Anexo II, do Regulamento (UE) nº 821/2014 da Comisión de 28 de xullo de 2014.

2. Retegal disporá dunha estrutura xerarquizada, que se fará responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de como distribuílo.

3. O persoal necesario para a execución desta encomenda dependerá exclusivamente de Retegal, o cal terá tódolos dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste, sendo a Administración ou poder adxudicador encomendante totalmente allea ás referidas relacións. Retegal será o único que deberá emitir as ordes e instrucións aos traballadores da encomenda, decidir a organización do traballo, control, distribución de tempos, horarios, vacacións, permisos, entrega de material, poder disciplinario e demais manifestacións emanadas normalmente de Retegal. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal en relación co poder adxudicador encomendante nin esixirse a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o encomendado e os seus empregados, aínda no suposto de despedimentos ou medidas que Retegal adopte e se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución da Encomenda.

4. Dependencia xerárquica: O persoal dependerá, operativamente, da Dirección de Retegal, que será responsable das seguintes funcións:



- Fixar as directrices de actuación, supervisión e, no seu caso, aprobación das modificacións dos procedementos e coordinación do servizo, de forma que este se preste sempre nas condicións óptimas.
- Avaliar ao persoal asignado en canto a coñecementos, capacidade, actitude, etc.
- Controlar o cumprimento do contrato, incluído o cumprimento das obrigas laborais dos seus traballadores.

5. En relación á supervisión da Amtega e do coordinador de Retegal, para a correcta coordinación do servizo a levar a cabo, nomearanse:

- Un Director Técnico da Encomenda: Nomeado pola Amtega, que será o responsable da marcha das actuacións para lograr un axeitado desenvolvemento da Encomenda.
- Un coordinador da Encomenda: Designado por Retegal, que será o responsable da execución e desenvolvemento da Encomenda, así como de todo o persoal da empresa asignado a ela. Correspóndelle as funcións seguintes:
 - Coordinación entre o órgano encomendante e Retegal para conseguir un mellor desenvolvemento das actuacións. Para tal efecto, organizaranse reunións entre o supervisor da Encomenda e o coordinador de Retegal relacionadas co desenvolvemento do servizo, e que preferiblemente terán lugar fóra das dependencias da Administración ou do poder adxudicador.
 - Facilitar os procesos de avaliación do proxecto, mediante reunións de seguimento e revisións técnicas, coa periodicidade axeitada (indicarase dita periodicidade), ao obxecto de revisar o grao de cumprimento dos obxectivos e validación das programacións e das actividades realizadas.



- O Coordinador estará permanentemente localizable, calquera día da semana, co fin de resolver cantas incidencias poidan producirse durante o desenvolvemento da encomenda.
- Distribuír o traballo entre o persoal encargado da execución da encomenda e impartir a ditos traballadores as ordes e instrucións de traballo que sexan necesarios en relación coa prestación do servizo continuado.
- Supervisar o correcto desempeño por parte do persoal integrante do equipo de traballo das funcións que teñen encomendadas, así como controlar a asistencia de dito persoal ao posto de traballo.

6. Medios de execución da Encomenda

Retegal deberá contar, para todos os membros do equipo, cos medios propios necesarios para poder realizar o servizo, tales como o material de prevención, de oficina, o material informático e de comunicacións, etc.

Retegal conta cunha organización empresarial suficiente, material (inmobles, maquinaria, equipos, etc.) e persoal para o desenvolvemento da actividade, dispoñendo de mais persoal que o destinado á actividade encomendada, poñéndose o conxunto da organización empresarial ao servizo da encomenda.

Sen prexuízo do anterior, Retegal poderá realizar as adquisicións e encargar os servizos externos necesarios para lograr os obxectivos establecidos, estes últimos sempre e cando non conte cos medios precisos para levalos a cabo.

Os contratos que deba celebrar Retegal para a realización dos traballos obxecto da presente encomenda quedarán sometidos ao TRLCSP, nos termos que sexan procedentes de acordo coa natureza da entidade que os celebra e ao tipo e contía dos mesmos. En todo caso, cando se trate de contratos de obras, servizos e subministros cuxas contías superen os mínimos establecidos na Sección 2ª do Capítulo II do Título preliminar do TRLCSP, as entidades de dereito privado deberán observar para a súa preparación e adxudicación as regras establecidas nos artigos 137.1 e 190.



Retegal ten a consideración de poder adjudicador, de acordo co establecido no artigo 49 da Lofaxga.

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante Retegal, quen asumirá a total responsabilidade na execución da encomenda de xestión ante a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Retegal poderá empregar os importes das baixas nas licitacións para contratar novos investimentos incluídos no obxecto desta encomenda, sempre baixo a supervisión da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e de acordo co establecido polo Director Técnico da encomenda.

7. Control da Encomenda

O órgano encomendante, na súa condición de órgano competente e promotor das actuacións, exercerá en todo momento o control da execución da Encomenda, que non o poder de dirección sobre os traballadores adscritos que corresponde a Retegal, coas seguintes condicións:

- a) Ditando os actos e instrución precisos que dean soporte, ou nos que se integre, á actividade material concreta, obxecto da presente Encomenda de Xestión, por medio do coordinador da encomenda designado por Retegal.
- b) A Encomenda é obrigatoria para Retegal e deberá aceptala e executala de acordo coas instrucións que ao efecto lle proporcione o órgano encomendante en todo o relacionado coa organización, interpretación e control dos traballos obxecto desta, e aos actos xurídicos que en materia de persoal ou contratación sexan precisos para a súa xestión.
- c) A Encomenda non supón a cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do órgano ou Entidade encomendante ditar cantos actos ou resolucións, de carácter xurídico, que dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto dela.



- d) A presente encomenda implica exclusivamente a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos, e non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio.
- e) A Administración ou poder adxudicador encomendante é responsable da dirección e supervisión do exercicio da actividade encomendada.

8. Lugar de realización dos traballos

Retegal estará obrigado a executar a encomenda nas súas propias dependencias ou instalacións salvo, que excepcionalmente, sexa autorizado a prestar os seus servizos nas dependencias dos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público. Neste caso, o persoal de Retegal ocupará espazos de traballo diferenciados do que ocupan os empregados públicos. Corresponde a Retegal velar polo cumprimento desta obrigaón.

9. Seguridade da información e protección de datos

O desenvolvemento da presente encomenda implica o tratamento de datos de carácter persoal por Retegal, que será considerado Encargado de Tratamento, aos efectos do establecido no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante LOPD), e nos artigos 21 e 82.1 do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro (en diante, RLOPD), polo que ambas partes acordan o seguinte:

Retegal empregará os datos de carácter persoal exclusivamente para cumprir coa prestación do servizo ao que se refire a presente encomenda, polo que non os empregará para fin distinto, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas, salvo autorización expresa do Responsable do ficheiro.

Retegal obrígase a custodiar ditos datos adoptando as medidas de seguridade correspondentes ao nivel dos datos tratados, de acordo coa Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos e a súa normativa de desenvolvemento (en concreto, artigos 89 a 114 do RLOPD).

Retegal deberá observar en todo momento, e en relación cos ficheiros de datos de carácter persoal aos que teña acceso con motivo da prestación de servizos acordada, o deber de



confidencialidade e segredo profesional, de conformidade co disposto no artigo 10 da LOPD. Dito deber subsistirá aínda despois de finalizar o obxecto da presente encomenda.

No caso de que destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os empregue incumprindo as presentes estipulacións, será considerado tamén responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que houberse incorrido persoalmente.

A Amtega resérvase o dereito de efectuar en calquera momento os controis e auditorías que estime oportunos a fin de comprobar o correcto cumprimento do estipulado na presente encomenda.

No caso de subcontratación de calquera aspecto do servizo obxecto da presente encomenda, deberá darse cumprimento ao establecido no artigo 21 RLOPD.

Unha vez finalizada a prestación de servizos, os datos de carácter persoal que puidesen permanecer en poder de Retegal, deberán ser destruídos ou devoltos ao Responsable do ficheiro, así como os soportes ou documentos que os conteñan, salvo que resulte de aplicación algunha excepción legal, nos termos do artigo 22 do RLOPD.

9.1. Obxecto do encargo do tratamento:

Mediante as presentes cláusulas habilitase á entidade Retegal, encargada de tratamento, para tratar por conta da AMTEGA, responsable do tratamento, os datos de carácter persoal necesarios para prestar o servizo contido na presente encomenda.

O tratamento consistirá en:

Recollida/conservación/consulta/cesión/registro/modificación e destrución dos datos.

9.2. Identificación da información afectada:

Para a execución das prestacións derivadas do cumprimento do obxecto deste encargo, a Amtega pon a disposición de Retegal a información que se describe a continuación:

Datos dos empregados que participan no proxecto: Nome, apelidos, DNI, número de teléfono móbil e dirección de correo electrónico.

9.3. Duración:



O presente acordo finalizará co remate do proxecto, planificado para o 31/12/2035, sen prexuízo de eventuais prórrogas que se poidan producir. Antes da finalización da encomenda poderase prorrogar a súa vixencia, unha vez ponderadas todas as circunstancias que concorran no caso, a través da formalización dunha Addenda.

Unha vez finalice o presente contrato, o encargado do tratamento debe suprimir os datos persoais e suprimir calquera copia que estea no seu poder.

9.4. Obrigas do encargado do tratamento:

O encargado do tratamento e todo o seu persoal obrígase a:

a) Empregar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, solo para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá empregar os datos para fins propios.

b) Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento.

Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición en materia de protección de datos da Unión ou dos Estados membros, o encargado informará inmediatamente ao responsable.

c) Levar, por escrito, un rexistro de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que conteña:

1. Nome e os datos de contacto do encargado ou encargados e de cada responsable por conta do cal actúe o encargado e, no seu caso, do representante do responsable ou do encargado e do delegado de protección de datos.

2. As categorías de tratamentos efectuados por conta de cada responsable.

3. No seu caso, as transferencias de datos persoais a un terceiro país ou organización internacional, incluída a identificación de dito terceiro país ou organización internacional e, no caso das transferencias indicadas no artigo 49 apartado 1, parágrafo segundo do RGPD, a documentación de garantías axeitadas.

4. Unha descrición xeral das medidas técnicas e organizativas de seguridade relativas a:

- a. A seudoaniximización e o cifrado de datos persoais.



- b. A capacidade de garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos do tratamento.
 - c. A capacidade de restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
 - d. O proceso de verificación, avaliación e valoración regulares da eficacia das medidas técnicas e organizativas para garantir a seguridade do tratamento.
5. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles.

O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións do responsable. Neste caso, o responsable identificará, de forma previa e por escrito, a entidade á que se deben comunicar os datos, os datos a comunicar e as medidas de seguridade a aplicar para proceder á comunicación.

Se o encargado debe transferir datos persoais a un terceiro país ou a una organización internacional, en virtude do Dereito da Unión ou dos Estados membros que lle sexa aplicable, informará ao responsable desa esixencia legal de maneira previa, salvo que tal Dereito o prohiba por razón importantes de interese público.

6. Subcontratación:

Para subcontratar con outras empresas, o encargado debe comunicalo por escrito ao responsable, identificando de forma clara e inequívoca a empresa subcontratista e os seus datos de contacto.

O subcontratista, que tamén ten a condición de encargado do tratamento, está obrigado igualmente a cumprir as obrigacións establecidas neste documento para o encargado do tratamento e as instrucións que dite o responsable. Corresponde ao encargado inicial regular a nova relación, de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade) e cos mesmos requisitos formais que el, no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado inicial seguirá sendo



plenamente responsable ante o responsable no referente ao cumprimento das obrigacións.

7. Manter o deber de segredo respecto aos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, incluso despois de que finalice o seu obxecto.
8. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que hai que informarles convenientemente.
9. Manter a disposición do responsable a documentación acreditativa do cumprimento da obriga establecida no apartado anterior.
10. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.
11. Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos de:
 - a. Acceso, rectificación, supresión ou oposición.
 - b. Limitación do tratamento.
 - c. Portabilidade de datos.
 - d. A non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas (incluída a elaboración de perfís).
12. O encargado do tratamento debe resolver, por conta do responsable, e dentro do prazo establecido, as solicitudes de exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade dos datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, en relación cos datos obxecto do encargo.
13. Dereito de información:

O encargado do tratamento, no momento da recollida dos datos, debe facilitar a información relativa aos tratamentos de datos que se van realizar. A redacción e o formato en que se facilitará a información débese consensuar co responsable antes do inicio da recollida dos datos.
14. Notificación de violacións da seguridade dos datos:



O encargado do tratamento notificará ao responsable do tratamento, sen dilación indebida, e en calquera caso antes do prazo máximo de 2 días, e a través de correo electrónico, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.

Non será necesaria a notificación cando sexa improbable que dita violación da seguridade constitúa un risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas.

Se se dispón dela facilitarase, como mínimo, a información seguinte:

- a. Descrición da natureza da violación da seguridade dos datos persoais, inclusive, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados.
 - b. O nome e os datos de contacto do delegado de protección de datos ou doutro punto de contacto no que poida obterse máis información.
 - c. Descrición das posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.
 - d. Descrición das medidas adoptadas ou propostas para poñer remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos.
 - e. Se non é posible facilitar a información simultaneamente, e na medida en que non o sexa, a información facilitarase de maneira gradual sen dilación indebida.
15. Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos, cando cumpra.
 16. Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.
 17. Poñer a disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, así como para a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado por el.
 18. Implantar as medidas de seguridade, de acordo coa avaliación de riscos que se realice, no seu caso.



19. En todo caso, deberá implantar mecanismos para:
- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
 - Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
 - Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
 - Seudonimizar e cifrar os datos persoais, no seu caso.
20. Designar un delegado de protección de datos e comunicar a súa identidade e datos de contacto ao responsable.
21. Destino dos datos
- Destruír os datos, unha vez cumprida a prestación. Unha vez destruídos, o encargado debe certificar a súa destrución por escrito e debe entregar o certificado ao responsable do tratamento.
- Con todo, o encargado pode conservar unha copia, cos datos debidamente boqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución da prestación.
22. Obrigas do responsable do tratamento:
- Corresponde ao responsable do tratamento:
- Entregar ao encargado os datos.
 - Realizar unha avaliación do impacto na protección de datos persoais das operacións de tratamento a realizar polo encargado.
 - Realizar as consultas previas que corresponda.
 - Velar, de forma previa e durante todo o tratamento, polo cumprimento do RGPD por parte do encargado.
 - Supervisar o tratamento, incluída a realización de inspeccións e auditorías.

